

Termos para definir

Bloque 4. Historia Contemporánea (século XX)

- **Agrarismo:** movemento reivindicativo campesiño de finais do século XIX e comezos do XX, sobre todo en Andalucía e Galicia. No sur xerou a revoltas de inspiración anarquista, con ocupación de terras, que foron duramente reprimidas. No caso galego, os campesiños organizáronse en asociacións e sindicatos para combater o sistema foral e o caciquismo, así como promover a renovación técnica do sector agrario. Destacaron Basilio Álvarez e as organizacións Solidariedade Galega e Acción Galega, que promoveron unha gran mobilización que acadou a redención do foros.
- **Bienio Negro:** tamén chamado “bienio rectificador”, “bienio contrarreformista” ou “bienio de dereitas”, é a segunda etapa da Segunda República, entre novembro de 1933 e febreiro de 1936. O nome “Bienio Negro” foi empregado polas esquerdas debido ás medidas revisionistas tomadas polos gobernos do Partido Republicano Radical aliado coa CEDA, que paralizaron moitas das reformas do primeiro bienio republicano (lexislación laboral e social, reforma agraria, política relixiosa, etc.) e exerceron unha dura represión contra a revolución de outubro de 1934. Esta etapa rematou entre escándalos de corrupción no goberno.
- **Brigadas Internacionais:** unidades militares de voluntarios estranxeiros que participaron na Guerra Civil española apoiando aos republicanos. Chegaron a ser en torno a 35.000, estando formadas por traballadores e intelectuais de esquerdas organizados a través dos partidos comunistas dos seus respectivos países. Os brigadistas acudiron movidos por un sentimento de solidariedade en defensa os republicanos fronte ao fascismo. Destacaron na defensa de Madrid e na batalla de Teruel, ata que foron retiradas en 1938 pola presión internacional.
- **CEDA:** siglas da Confederación Española de Dereitas Autónomas, unha coalición de partidos conservadores e católicos fundada en 1933 por José María Gil Robles. Definíase como contrarrevolucionaria e antimarxista, defensora da relixión, a familia e a propiedade. Mobilizou ás masas católicas do país, expresou de modo ambiguo o seu acatamento ao sistema e non se pronunciou sobre a forma de goberno (república ou monarquía). Formou parte do Goberno da Segunda República, en coalición co Partido Radical, entre 1934 e 1936, e foi disolta por Franco co Decreto de Unificación de 1937.

- ***Contubernio de Munich***: nome pexorativo que o réxime franquista lle deu ao IV Congreso do Movemento Europeo, celebrado en Munich en 1962. Impulsado por Salvador de Madariaga, asistiron numerosos opositores, tanto do interior como do exilio, cun obxectivo común: instaurar en España un sistema político democrático. Elaborouse unha declaración final a favor da democracia e de condena do réxime franquista, que reaccionou cunha campaña de propaganda contra esa reunión e actuando con dureza contra os participantes.
- ***Desastre de Annual***: derrota do exército español no ano 1921, na Guerra do Rif. No transcurso do conflito, o xeneral Silvestre intentou ocupar a rexión do Rif, no norte de Marrocos, pero baixo o liderazgo de Abd el-Krim, os rifeños derrotaron ás tropas españolas en Annual, masacrándoas na fuxida desordenada cara Melilla. Morreron milleiros de soldados españois, o que foi aproveitado polos rifeños para proclamar a República do Rif. A opinión pública e a prensa española esixiron responsabilidades, agudizando a crise da Restauración borbónica e o desprestixio do exército e do rei Alfonso XIII.
- ***Desenvolvemento sustentable***: concepto que comezou a desenvolverse nas últimas décadas do século XX, e que alerta sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do forte desenvolvemento económico e a globalización. Os partidarios deste concepto, relacionados co ecoloxismo, defenden a redución da produción e o coidado da natureza, obxectivos que foron asumidos en boa medida tamén por algunhas forzas políticas españolas.
- ***Directorio Militar***: primeiro goberno da ditadura de Primo de Rivera, durante o reinado de Alfonso XIII. Presidido polo propio ditador e conformado só por militares, o Directorio formouse tras o golpe de Estado de 1923 e perdurou ata 1925, gobernando por decreto. Nesta etapa suspendéronse a Constitución de 1876 e os partidos políticos, reprimiuse ao movemento obreiro e aos nacionalismos periféricos, e as publicacións e a prensa foron sometidos a censura. Entre os principais obxectivos deste goberno estaba poñer fin á Guerra de Marrocos, o que conseguiu grazas á vitoria no desembarco de Alhucemas, en 1925.
- ***Expediente Picasso***: informe redactado en 1922 polo xeneral Juan Picasso baseado na investigación sobre o comportamento de oficiais e soldados na derrota de Annual (Marrocos), para determinar as responsabilidades. Este informe buscaba esclarecer os feitos que levaron ao desastre, e mostraba a negligencia dos militares, a temeraria actuación do xeneral Silvestre e a implicación do rei Alfonso XIII. O golpe de Estado de Primo de Rivera en 1923, días antes de que o informe chegara ás Cortes, paralizou a investigación.

- **FAI:** siglas da Federación Anarquística Ibérica, unha organización de grupos anarquistas radicais partidarios da insurrección revolucionaria, que xurdiu en 1927, como reacción á represión na ditadura de Primo de Rivera. Organizada en pequenos grupos (aínda que con líderes destacados, como Buenaventura Durruti), a FAI buscou controlar e orientar á CNT cara fins radicais, defendendo a implantación do comunismo libertario. Durante a Guerra Civil acadou moita forza, pero as divisións internas acabaron por debilitala, contribuíndo á crise republicana. Tras a derrota na guerra, a FAI foi disolta.
- **Feminismo:** movemento político que defende os intereses das mulleres, buscando a igualdade. As primeiras manifestacións políticas feministas en España vincúlanse á loita polo dereito ao voto, exercido por vez primeira en 1933, durante a Segunda República, en boa medida grazas a Clara Campoamor. Malia o rexeitamento do feminismo por parte do réxime franquista, seguiu desenvolvéndose, e na Transición agromou con forza, coa creación do minoritario Partido Feminista pero, sobre todo, coa asunción dos seus principios por parte da maioría de forzas políticas españolas.
- **FET das XONS (FET de las JONS):** siglas de “Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista”, a organización política creada por Franco en 1937 mediante o Decreto de Unificación, que fusionaba o tradicionalismo carlista coas formacións fascistas de Falange Española e das JONS (lideradas desde 1934, trala fusión, por José Antonio Primo de Rivera). O novo partido, cun programa baseado nos principios da Falanxe, estivo baixo a xefatura suprema de Franco, e adoptou o saúdo fascista, o uniforme falanxista da camisa azul e a boina vermella requeté ou carlista. Foi a única formación política autorizada durante o Franquismo, sendo coñecida como Movemento Nacional.
- **Fronte Popular:** coalición electoral creada en xaneiro de 1936 polos principais partidos obreiros (socialistas e comunistas) e os republicanos de esquerda. Defendían un programa baseado nunha amnistía xeral para os encarcerados pola revolución de outubro de 1934 e a recuperación da política reformista do primeiro bienio. Tras vencer nas eleccións de febreiro de 1936, serviu de apoio á política reformista desenvolvida polos gobernos formados por republicanos de esquerda encabezados por Manuel Azaña e Santiago Casares Quiroga.

- ***Lei para a Reforma Política:*** lei aprobada polas Cortes franquistas que, tras a súa aceptación en referendo popular, foi promulgada en 1977 con rango de lei fundamental. Foi o instrumento legal que permitiu o paso da ditadura a un sistema constitucional democrático dende a legalidade vixente (“da lei á lei”, decíase) mantendo a paz social. Como esta lei remataba co sistema político establecido no franquismo, a súa aprobación nas Cortes foi coñecida popularmente como o “harakiri” (ou suicidio) das Cortes franquistas. Establecía que a democracia era a expresión da soberanía popular, que as Cortes serían elixidas por sufraxio universal e regulaba a futura convocatoria de eleccións xerais.

- ***Lexión Cóndor:*** denominación da forza de intervención alemá, fundamentalmente aérea, coa que o III Reich alemán apoiou ao bando sublevado franquista durante a Guerra Civil española. Foi clave e responsable de numerosos ataques a posicións republicanas e sobre a poboación civil, destacando os bombardeos de Madrid, Guernica e Barcelona. Con este apoio Hitler burlou a declaración de non intervención internacional neste conflito.

- ***Movimentos antiglobalización:*** xurdidos a finais do século XX, estes grupos, tamén chamados “altermundistas”, están formados por activistas de diferentes correntes políticas (anarquistas, comunistas, pacifistas, indixenistas...) que coinciden no seu rexeitamento á globalización económica e ao constante desenvolvemento económico capitalista. No caso español, o movemento antiglobalización acadou certa relevancia na primeira década do século XX, vencellándose a distintas protestas sociais e antibelicistas.

- ***Nacional-catolicismo:*** ideoloxía que defende que a vida política, social e cultural debe estar sometida ás directrices da Igrexa católica. Isto, xunto coa defensa da nación española fronte aos nacionalismos periféricos, foi unha das bases ideolóxicas do réxime franquista, que contou co apoio e a aprobación da Igrexa católica. A xerarquía eclesiástica xustificou e aceptou a autoridade de Franco como Caudillo de España pola graza de Deus, e a cambio impuxo o seu control sobre a moral, os costumes e a educación.

- ***Pacto de San Sebastián:*** acordo para establecer a República en España, levado a cabo en San Sebastián en agosto de 1930, por opositores á monarquía de Alfonso XIII. Promovido por Alianza Republicana, contou coa participación de partidos republicanos, nacionalistas periféricos e socialistas e os seus líderes (Azaña, Alcalá-Zamora, Lerroux, Macià...). Estes acordaron garantir a liberdade política e relixiosa, convocar eleccións constituíntes ou abrir a posibilidade da autonomía das rexións (como Cataluña, Galicia, ou as provincias vascas).

- ***Pactos da Moncloa***: acordos aos que chegaron sindicatos, partidos políticos e organizacións empresariais en outubro de 1977 na Moncloa, residencia do presidente de Goberno, Adolfo Suárez, e que foron fundamentais para o desenvolvemento da Transición democrática. Os asinantes comprometíanse a traballar a favor da estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflitividade social e a adopción de medidas para superar a crise económica arrastrada desde 1973 e solucionar os problemas do país.
- ***Patrimonio histórico***: conxunto de bens, tanto materiais como inmateriais, vinculados ao noso pasado, que se consideran valiosos para a sociedade e, polo tanto, son merecentes de conservación para as xeracións futuras. Aínda que a posta en valor destes bens en España non é recente, foi nas últimas décadas do século XX cando acadou unha maior importancia, sendo regulado e promocionado polas diferentes administracións, acadando un certo consenso político na súa defensa.
- ***Plan de Estabilización***: conxunto de medidas e reformas económicas aprobadas en 1959 polo goberno franquista, a proposta dos ministros tecnócratas vinculados ao Opus Dei. O seu obxectivo era abandonar o modelo autárquico intervencionista e liberalizar a economía española, atraendo capitais estranxeiros e conectando co capitalismo occidental. Sentou as bases para iniciar o forte crecemento “desarrollista” da década dos anos sesenta.
- ***Plataxunta***: nome popular da coalición Coordinación Democrática, unha coalición de partidos e organizacións da oposición antifranquista que se creou en 1976, tras a morte de Franco, para restablecer a democracia en España. Naceu da fusión da Xunta Democrática, creada en 1974 polo PCE de Santiago Carrillo, e da Plataforma de Convergencia Democrática, impulsada en 1975 polo PSOE de Felipe González. No seu manifesto fundacional reclamaba amnistía, liberdades políticas e o inicio dun período constituínte, buscando presionar ao goberno para iniciar os cambios que remataran co sistema franquista.
- ***Sanjurjada***: intento fracasado de golpe de Estado contra a Segunda República, realizado polo xeneral Sanjurjo en agosto de 1932 en Sevilla. Aínda que contaba co apoio dalgúns militares, de elementos monárquicos e latifundistas andaluces, o golpe foi controlado polo Goberno e os seus participantes foron detidos e condenados. Como reacción, republicanos e socialistas aproximaron as súas posicións, o que permitiu a aprobación do Estatuto de Autonomía de Cataluña e a Lei de Reforma Agraria, o que intentaban impedir os golpistas.

- ***Sección Feminina***: organización fundada como rama feminina da Falanxe Española. Dirixida por Pilar Primo de Rivera (irmá de José Antonio), no Franquismo monopolizou a educación de mulleres, nenas e mozas coa finalidade de formar amas de casa, subordinadas aos varóns, destinadas a ter fillos e educalos segundo as normas do réxime. Nesta labor foi importante tamén a creación en 1937 do Servizo Social, que impoñía a prestación obrigatoria de traballos sociais para todas as mulleres durante seis meses.
- ***Semana Tráxica***: semana de violentas protestas populares que tiveron lugar en Barcelona en xullo de 1909 contra a decisión do goberno de Antonio Maura de enviar tropas de reserva á Guerra de Marrocos, como consecuencia da derrota en Barranco del Lobo. A maioría dos soldados eran pais de familia obreiros, polo que o seu embarque provocou unha folga xeral que deu paso á insurrección, coa formación de barricadas nas rúas, enfrontamentos coas forzas de orde e queima de edificios relixiosos, debido ao cariz anticlerical das protestas. A Semana Tráxica saldouse cunha dura represión por parte do Goberno, orientada fundamentalmente contra os anarquistas, destacando o fusilamento do pedagogo Ferrer e Guardia, causa de protestas internacionais que obrigaron a dimitir a Maura.
- ***Sindicato Vertical***: nome co que era coñecida a Organización Sindical Española durante o Franquismo. Foi creado (a partir do “Fuero del Trabajo” de 1938) tras a promulgación da Lei de Unidade Sindical de 1940 que ilegalizaba todos os sindicatos de clase e integraba de forma forzosa a todos os traballadores e empresarios nun mesmo e único sindicato baixo a supervisión do Ministerio de Traballo. Nos anos sesenta, organizacións clandestinas como Comisións Obreiras (vinculada ao PCE) ou a Unión Sindical Obreira (de inspiración cristiá) infiltráronse no seu seo, tanto para tentar mellorar as condicións dos traballadores como buscando aproveitar as estruturas do réxime para propiciar a súa caída desde dentro.
- ***UCD***: siglas da Unión de Centro Democrático, a coalición de partidos fundada e liderada por Adolfo Suárez en 1977 que aglutinaba ás forzas de centro-dereita (pequenos grupos de demócratas-cristiáns, liberais, socialdemócratas e rexionalistas cunha importante presenza de políticos procedentes do Movimiento Nacional franquista). Tivo un papel destacado durante a Transición democrática, gañando as eleccións a Cortes constituíntes de 1977 e as xerais de 1979. Mantívose no Goberno ata 1982, primeiro con Adolfo Suárez e despois da dimisión deste con Leopoldo Calvo Sotelo. Disolveuse tras a derrota electoral de 1982.

- ***Unión Patriótica***: organización política fundada en 1924 polo ditador Miguel Primo de Rivera a modo de partido único do seu réxime. Pretendía agrupar a toda a sociedade, exercendo como substituta dos partidos políticos tradicionais, considerados corruptos, e servir de apoio social e de propaganda á Ditadura. Inspirada no fascismo italiano, e identificada coas dereitas con matices rexeneracionistas, en realidade carecía dun programa e unha ideoloxía definidos. Na Unión Patriótica só participaron os grupos conservadores e católicos, aqueles que querían posicionarse no novo réxime (como algúns funcionarios), membros das milicias e sindicatos libres, e tamén a oligarquía local, polo que acabou incorporando moitos caciques tradicionais. Desapareceu coa propia Ditadura no ano 1931.